

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 24 de marzo de 2017

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e catro de marzo do ano dous mil dezasete, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Plácido Álvarez Dobaño, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Pablo Pérez Pérez e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, en substitución da titular, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 2º, don Jorge Pumar Tesouro, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 17 DE MARZO DE 2017.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día dezasete de marzo de dous mil dezasete, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 51/POS/2017

DO CONCELLO DE MONTEDERRAMO.- Á vista da solicitude formulada polo Concello de Montederramo, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017 no relativo ó Concello de Montederramo, incrementando o orzamento total do proxecto, con cargo á achega municipal, en 46.227,70 euros, polo que a obra 51/POS/2017, denominada “reforma iluminación pública en Alenza, Bustelos, Castiñeira de Seoane, Leboreiro...”, pasaría a ter un orzamento total de 101.227,70 euros.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 24 de marzo de 2017
--

3.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 52/POS/2017

DO CONCELLO DE MONTERREI.- Á vista da solicitude formulada polo Concello de Monterrei, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017 no relativo ó Concello de Monterrei, incrementando o orzamento total do proxecto, con cargo á achega municipal, en 100,00 euros, polo que a obra 52/POS/2017, denominada “pavimentación, saneamento e abastecemento na rúa Leiras”, pasaría a ter un orzamento total de 82.600,00 euros.

4.- APROBACIÓN DAS BASES DO XIV CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS DEPUTACIÓN DE OURENSE.

- De conformidade coa proposta que formula o director do Centro Cultural da Deputación Provincial, segundo as bases redactadas para o efecto, coa finalidade de promover as artes plásticas e apoiar aos novos valores nos distintos aspectos destas artes, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a convocatoria do XIV Certame de Artes Plásticas Deputación de Ourense, para premiar e difundir os traballos dos creadores máis novos, aprobándose as bases redactadas para o efecto, co correspondente anexo, e que se transcriben a continuación:

Primeira: A convocatoria realízase para as modalidades de pintura, escultura, gravado e calquera outro tipo de expresión artística (vídeo, arte dixital, instalacións, etcétera).

Segunda: Poderán participar todos os artistas con idades comprendidas entre os dezaioito (18) e os trinta (30) anos.

Terceira: A temática será libre, admitíndose todo tipo de tendencia estética. Na realización da obra poderase empregar calquera tipo de técnica e material.

Cuarta: Cada concursante poderá participar cun máximo de dúas (2) obras, aínda que pertencen a distintas modalidades.

Quinta: As obras axustaranse ás seguintes características:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 24 de marzo de 2017

Pintura: non superior a dous (2) metros en calquera das súas dimensións.

Escultura: terá unha altura máxima dun metro con oitenta centímetros (1,80 m) e unha base que non superará un metro por un metro (1m x 1m).

Gravado e outras expresións artísticas: medidas libres.

Sexta: As obras non poderán estar premiadas con anterioridade en ningún outro certame artístico.

Sétima: Establécense os seguintes premios sen distinción de modalidade:

- PRIMEIRO PREMIO	3.000,00 €.-
- SEGUNDO PREMIO	2.000,00 €.-
- TERCEIRO PREMIO	1.000,00 €.-
- DOUS ACCÉSITS DE 500,00 € CADA UN	1.000,00 €.-
TOTAL	7.000,00 €.-

O xurado pode conceder accésits honoríficos, se o estima oportuno, en vista da calidade dos traballos presentados. Tamén pode declarar deserto calquera dos premios.

As obras que reciban algún dos premios con dotación económica quedarán en propiedade da Deputación Provincial de Ourense.

Oitava: O prazo de presentación das obras establecerase desde a convocatoria deste certame no Boletín Oficial da Provincia (BOP) ata o día quince (15) de xuño de dous mil dezasete (2017). As obras entregaranse ou serán enviadas ao Centro Cultural da Deputación de Ourense (Rúa Progreso, 30 32003 Ourense). Correrán por conta dos concursantes os gastos de envío das obras. Os organizadores non se responsabilizan dos riscos ou deterioracións que poidan sufrir as obras no seu traslado e manipulación.

Novena: Identificación.- Para a súa identificación, as obras levarán en lugar ben visible un lema identificativo, que pode ser común ás obras presentadas polo mesmo autor. En sobre pechado, á parte, incluírá un BOLETÍN DE PARTICIPACIÓN no certame ou copia deste por cada obra presentada, debidamente cuberto e cunha copia do DNI do autor. No exterior do sobre figurará o lema da obra ou obras.

Décima: A Deputación realizará unha exposición (mes de setembro) cunha selección dos traballos presentados e realizará o correspondente catálogo.

Undécima: O xurado estará integrado por un mínimo de cinco (5) membros vinculados ao mundo das artes plásticas, que serán designados pola presidencia da

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 24 de marzo de 2017

institución provincial.

Décimo segunda: Os titulares das obras non premiadas deberán retirar estas unha vez rematada a exposición, cun prazo máximo dun (1) mes. Unha vez superado o prazo indicado, os organizadores declinan calquera responsabilidade sobre estas.

Décimo terceira: Os artistas autorizan á Deputación a empregar a imaxe das súas obras en calquera formato e sen límite de tempo.

Décimo cuarta: A participación neste certame supón a aceptación destas bases e o veredicto do xurado.

Anexo:

XIV CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS DEPUTACIÓN DE OURENSE
boletín de participación

Nome.....
 rúa portal planta
CP.....provincia
 teléfono e-mail

OBRA PRESENTADA BAIXO O LEMA

Título
 Técnica
 Medidas

XIV EDICIÓN - OBRA PRESENTADA BAIXO O LEMA	
Título:	
Técnica:	
Medidas:	
Exemplar para o autor	selo

XIV EDICIÓN - OBRA PRESENTADA BAIXO O LEMA	
Título:	
Técnica:	
Medidas:	
Exemplar para a institución	selo

2º.- Publicar este acordo no taboleiro de edictos desta Deputación e no BOP de Ourense.

5.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL OU-1017 REBORDONDO (A-52)-CARZOÁ (OU-

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 24 de marzo de 2017

1020), NO MUNICIPIO DE CUALEDRO.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar o proxecto técnico da obra de mellora da estrada provincial "OU-1017 Rebordondo (A-52)-Carzoá (OU-1020)", no municipio de Cualedro, así como o anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens afectados.

2.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

3.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

Predio	Polig.	Parc.	Refer. Catastral	Clasificación	Propietario	Dominio
1	214	262	32029A214002620000SJ	Solo rústico	- Rudesindo González Rivero e outro	14,22
2	206	142	32029A206001420000SL	Solo rústico	- Francisco Gómez Justo	144,35
3	157	1475	32029A15701475	Solo rústico	- Manuel Justo Díaz	40,38
4	146	36	32029A14600036	Solo rústico	- Esperanza Sotelo Fernández	5,92
5	146	38	32029A14600038	Solo rústico	- Luz Sotelo Gómez	13,25
6	157	1465	32029A15701465	Solo rústico	- Herdeiros de Julio Gómez Rodicio	6,89
7	146	39	32029A14600039	Solo rústico	- Luz Sotelo Gómez	6,55
8	157	1464	32029A15701464	Solo rústico	- Juan Manuel Ferreiro Atanes	123,56
9	146	40	32029A14600040	Solo rústico	- Cesárea González Rivero - Herdeiros de Ángel Fernández Rodicio	26,10
10	146	43	32029A14600043	Solo rústico	- Cristalina Justo González	12,71
11	146	44	32029A14600044	Solo rústico	- Salvador Justo González	9,82
12	146	45	32029A14600045	Solo rústico	- Herdeiros de Rosalía Añel Añel	5,32
13	157	1463	32029A15701463	Solo rústico	- Jose Luis Justo Fernández - Andrea Fernández Díaz	21,11
14	146	47	32029A14600047	Solo rústico	- Luz Sotelo Gómez	6,90
15	146	49	32029A14600049	Solo rústico	- Jose Luis Justo Fernández - Andrea Fernández Díaz - Julia González Ferreiro	10,18

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 24 de marzo de 2017
--

16	157	1462	32029A15701462	Solo rústico	- Julia González Ferreiro	11,12
17	146	51	32029A14600051	Solo rústico	- Herdeiros de José Justo González	9,24
18	146	55	32029A14600055	Solo rústico	- Marina Díaz González	22,21
19	157	1461	32029A15701461	Solo rústico	- Marina Díaz González - Herdeiros de José Justo González	9,55
20	157	1460	32029A15701460	Solo rústico	- Domingo González Salgado - Adolfo Fernández Rodicio - Herdeiros de Ángel Fernández Rodicio - Manuel Fernández Rodicio - Herdeiros de Consuelo Fernández Rodicio - Ángela Fernández Rodicio	11,47
21	157	1457	32029A15701457	Solo rústico	- Paula Ruíz Braceras	21,22
22	146	56	32029A14600056	Solo rústico	- Eusebio Justo Díaz - Teresa Justo Díaz - Manuel Justo Díaz - Luís Justo Díaz - Generosa Justo Díaz	14,15
23	157	1454	32029A15701454	Solo rústico	- Paula Ruíz Braceras	17,37
24	146	58	32029A14600058	Solo rústico	- José González Justo	10,08
25	157	1453	32029A15701453	Solo rústico	- Manuel Justo González	21,97
26	146	60	32029A14600060	Solo rústico	- Paula Ruíz Braceras	10,14
27	157	1452	32029A15701452	Solo rústico	- Herdeiros de José Manuel Damea Rivero	29,45
28	146	492	32029A14600492	Solo rústico	- Herdeiros de José Manuel Damea Rivero	14,09
29	146	62	32029A14600062	Solo rústico	- Rudesindo González Rivero - Herdeiros de Benigno Sanmamed Campos - Senén González Rivero	22,48
30	157	1451	32029A15701451	Solo rústico	- Rudesindo González Rivero - Senén González Rivero	16,87
31	157	1449	32029A15701449	Solo rústico	- Manuela Fernández Justo	35,03
32	146	63	32029A14600063	Solo rústico	- Antonio Pérez González - Cándida Justo Fernández	16,52
33	157	1448	32029A15701448	Solo rústico	- Mercedes Justo Fernández	39,17
34	146	65	32029A14600065	Solo rústico	- José Luis Justo Fernández - Marina González Sotelo - Jose González González	10,58

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 24 de marzo de 2017
--

35	157	1447	32029A15701447	Solo rústico	- Bibiana Rodríguez Justo	20,97
36	146	66	32029A14600066	Solo rústico	- José Luis Justo Fernández - Eliseo Justo González - Constantina González Justo - Elisa Justo González	10,72
37	157	1446	32029A15701446	Solo rústico	- Constantina González Justo	32,93
38	146	70	32029A14600070	Solo rústico	- Herdeiros de Gumersindo Feijóo González	14,71
39	146	71	32029A14600071	Solo rústico	- Ángela Feijóo González	7,23
40	157	1445	32029A15701445	Solo rústico	- Constantina González Justo	19,54
41	146	76	32029A14600076	Solo rústico	- Camila Damea Rivero	13,61
42	157	1444	32029A15701444	Solo rústico	- José Manuel Sotelo Justo	20,73
43	146	77	32029A14600077	Solo rústico	- Rosa Fernández Sanmamed	6,53
44	157	1443	32029A15701443	Solo rústico	- José Atanes Justo	17,61
45	146	78	32029A14600078	Solo rústico	- Herdeiros de María Gómez González	9,26
46	157	1442	32029A15701442	Solo rústico	- Paula Ruíz Braceras	14,26
47	146	79	32029A14600079	Solo rústico	- Herdeiros de Juan Sanmamed Feijóo	14,93
48	157	1441	32029A15701441	Solo rústico	- Rosa González González - Domingo González Salgado	13,49
49	157	1440	32029A15701440	Solo rústico	- Herdeiros de Juan Sanmamed Feijóo	35,27
50	146	80	32029A14600080	Solo rústico	- José Gómez González	9,96
51	157	1554	32029A15701554	Solo rústico	- José Gómez González	14,56
52	146	90	32029A14600090	Solo rústico	- María Victoria Couceiro Bra	5,39
53	157	1439	32029A15701439	Solo rústico	- María Victoria Couceiro Bra	24,89
54	146	91	32029A14600091	Solo rústico	- Jose Fernández Gómez	23,10
55	157	1437	32029A15701437	Solo rústico	- Jose Fernández Gómez	59,60
56	146	93	32029A14600093	Solo rústico	- Domingo Gómez Fernández - Herdeiros de Dominga Gómez González	6,30
57	146	94	32029A14600094	Solo rústico	- Margarita González Sotelo	8,08
58	146	96	32029A14600096	Solo rústico	- Camila Damea Rivero	4,92
59	146	97	32029A14600097	Solo rústico	- Herdeiros de José Manuel Damea Rivero	2,44

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 24 de marzo de 2017
--

60	157	1436	32029A15701436	Solo rústico	- Herdeiros de Manuel González González	23,85
61	146	98	32029A14600098	Solo rústico	- Modesto Rivero Justo	2,53
62	146	99	32029A14600099	Solo rústico	- José Benito Justo González	1,95
63	146	100	32029A14600100	Solo rústico	- Olimpia Rivero Rodríguez	2,90
64	146	101	32029A14600101	Solo rústico	- Paula Ruíz Braceras	4,01
65	146	102	32029A14600102	Solo rústico	- Paula Ruíz Braceras	1,46
66	146	103	32029A14600103	Solo rústico	- Maráa González Sotelo	9,95
67	157	1420	32029A15701420	Solo rústico	- Domingo González Salgado - Herdeiros de Dominga Gómez González - Herdeiros de Manuel Gómez González - José Antonio Gómez Fernández	40,15
68	157	1435	32029A15701435	Solo rústico	- Paula Ruíz Braceras	16,90
69	157	1423	32029A15701423	Solo rústico	- Diolinda González Fernández	28,52
70	157	1433	32029A15701433	Solo rústico	- Paula Ruíz Braceras	29,43
71	146	104	32029A14600104	Solo rústico	- Adolfo Fernández Rodicio	5,66
72	156	1	32029A15600001	Solo rústico	- Modesto Rivero Justo	37,55
73	157	1432	32029A15701432	Solo rústico	- Herdeiros de María Justo Fernández	16,70
74	157	1431	32029A15701431	Solo rústico	- María González Sotelo	19,46
75	157	1430	32029A15701430	Solo rústico	- Domingo González Salgado - Adolfo Fernández Rodicio - Herdeiros de Ángel Fernández Rodicio - Manuel Fernández Rodicio - Herdeiros de Consuelo Fernández Rodicio - Ángela Fernández Rodicio	46,72
76	157	1559	32029A15701559	Solo rústico	- José Benito Justo González	27,87
77	157	1429	32029A15701429	Solo rústico	- Paula Ruíz Braceras	42,68
78	156	2	32029A15600002	Solo rústico	- Camilo Fernández Gómez	28,80
79	156	3	32029A15600003	Solo rústico	- Antonio Pérez González	8,03
80	156	5	32029A15600005	Solo rústico	- Herdeiros de María Gómez González	3,11
81	156	22	32029A15600022	Solo rústico	- Aurora Justo Fernández	4,47
82	157	1428	32029A15701428	Solo rústico	- José Benito Justo González	49,17

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 24 de marzo de 2017

83	156	23	32029A15600023	Solo rústico	- Manuel Justo Fernández	9,41
84	156	24	32029A15600024	Solo rústico	- José Benito Justo González	12,81
85	157	1427	32029A15701427	Solo rústico	- Herdeiros de Manuel González Sotelo	33,12

4.- Publicar e notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

6.- ASUNTOS DE URXENCIA: Non se suscitaron.

7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA:- Non se presentaron.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e vinte minutos, do referenciado día vinte e catro de marzo do ano dous mil dezasete, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O VICESECRETARIO,